

# **Regulamento de Réxime Interno da Facultade de** **Química**

(aprobado na Xunta de Facultade de 22 de setembro de 2004 e incluída a recomendación da Asesoría Xurídica da Universidade de Vigo de 11 de outubro de 2004)

**Capítulo I. Introducción.**

**Capítulo II. Do Pleno da Xunta de Facultade.**

**Capítulo III. Das comisións delegadas da Xunta de Facultade.**

**Capítulo IV. Dos órganos unipersoais de goberno.**

**Capítulo V. Das Xuntas de Titulación.**

**Capítulo VI. Da aprobación e reforma deste Regulamento.**

## **CAPÍTULO I. INTRODUCCIÓN**

Artigo 1

A Facultade de Química é o centro da Universidade de Vigo encargado da xestión administrativa e da organización dos estudos conducentes á Licenciatura en Química.

Artigo 2

Son funcións da facultade de Química de Vigo:

a) A custodia das actas de cualificación e dos expedientes do estudiantado, sen que iso impida que a Universidade poida manter servizos centrais.

b) A expedición das certificacións solicitadas polo estudiantado do centro.

c) O referendo das propostas de planos de estudos que conduzan á obtención das diversas titulacións. Caso de haber máis dunha titulación na facultade, estas propostas elaboraranse na correspondente xunta de titulación.

d) A organización material da docencia e a súa coordinación, supervisión e control, así como a realización dos encargos de docencia aos departamentos de conformidade cos planos de estudo.

e) A organización das relacións entre departamentos e con outros centros, co fin de garantir a coordinación das ensinanzas e a racionalización da xestión académica e administrativa.

f) A aplicación das directrices da Universidade de Vigo sobre a normalización lingüística.

g) O fomento, apoio e achega de medios materiais existentes no centro para realizar actividades de formación e complementarias do persoal vinculado a el.

h) A realización de actividades de colaboración da Universidade de Vigo con organismos públicos ou privados en todo o que afecte ao centro.

i) A administración dos servizos e mais os equipamentos asignados ao centro.

l) A realización de actividades complementarias para a formación permanente, científica e cultural dos membros da comunidade universitaria.

m) A realización da xestión administrativa necesaria para que as anteriores funcións poidan levarse a cabo.

n) Calquera outra que lle poidan atribuír os Estatutos da Universidade de Vigo e as demais disposicións vixentes.

## **CAPÍTULO II. DO PLENO DA XUNTA DE FACULTADE**

## **Sección primeira: da composición da Xunta de Facultade.**

### Artigo 3

A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de representación e decisión do Centro, coas competencias que lle son atribuídas polos Estatutos da Universidade de Vigo e polo presente Regulamento.

### Artigo 4

O Pleno da Xunta de Facultade estará composto por:

- a) O decano, que a convocará e presidirá.
- b) Os vicedecanos e o secretario.
- c) Todo o profesorado con vinculación permanente do Centro, sexa cal sexa a súa dedicación, que constituirá o 51% da Xunta de Facultade. O profesorado que imparta docencia tamén noutros centros, será membro desta Xunta de Facultade no suposto de que impartan nela a maioría das súas horas de docencia. Nos casos de igualdade de carga docente en varios centros, o profesor terá que optar por ser membro da Xunta dun deles.
- d) Unha representación do persoal docente e investigador sen vinculación permanente igual ao 9% da composición total da Xunta de Facultade, dos cales polo menos o 80% serán con dedicación a tempo completo.
- e) Unha representación do estudiantado igual ao 30% da composición total da Xunta de Facultade, dos cales unha sexta parte será estudiantado do 3º ciclo, no caso de que se presenten como candidatos.

- f) Unha representación do persoal de administración e servizos igual ao 10% da composición total da Xunta de Facultade.

#### Artigo 5

Todos os membros electos da Xunta de Facultade serano por un período de dous anos (artigo 42 dos Estatutos da Universidade de Vigo).

#### Artigo 6

A Xunta de Facultade actúa en Pleno ou nas Comisións Delegadas as que se refire o presente Regulamento.

#### Artigo 7

O Pleno da Xunta de Facultade será presidido polo decano ou vicedecano en quen delegue, asistido dunha mesa integrada polos vicedecanos e o secretario.

### **Sección segunda: da convocatoria e funcionamento do Pleno da Xunta de Facultade.**

#### Artigo 8

As sesións da Xunta de Facultade poderán ser ordinarias ou extraordinarias.

1. As sesións ordinarias teranse que celebrar polo menos unha vez ao trimestre.
2. As sesións extraordinarias estarán dedicadas a tratar un só tema ou varios temas de natureza complementaria, se ben poderanse tratar outros se a súa urxencia o fai aconsellable.

## Artigo 9

A convocatoria da Xunta de Facultade farase:

- a) Por decisión do decano.
- b) Cando o solicite a maioría dos membros da Comisión Permanente, e tamén, polo menos, un 20% dos membros da Xunta.

No caso de petición de sesión extraordinaria será suficiente a solicitude dun terzo dos membros da Comisión Permanente. Nestes casos, os solicitantes deberán indicar tamén o punto ou puntos que desexen tratar na sesión.

Para que a convocatoria produza efecto deberase poñer en coñecemento de todos os seus membros, mediante notificación na cal se fará constar a orde do día e, ademais, día, hora e lugar da reunión.

A convocatoria, contendo a orde do día, deberá ser recibida polos membros da Xunta cunha antelación mínima de 72 horas, agás no caso da sesión extraordinaria e urxente. Neste caso, deberá respectarse un prazo mínimo de 48 horas. Así mesmo, a documentación necesaria para o desenvolvemento da sesión estará a disposición de todos eles no mesmo prazo.

A convocatoria remitirase por correo electrónico. No caso do estudiantado que non tivesen conta de correo, seralles remitida por correo interno aos locais da Delegación de Alumnado e, en períodos que non haxa docencia, aos seus domicilios particulares por correo certificado con aviso de recibimento.

Nos horarios de clase reservaranse, sempre que sexa posible, polo menos dúas horas para a celebración de Xuntas de Facultade e reunións das Comisións.

As Xuntas de Facultade ordinarias celebraranse durante o período lectivo.

As Xuntas de Facultade extraordinarias celebraranse durante o período lectivo sempre que a urxencia dalgún dos temas que se van tratar non esixa o contrario. Neste último caso, así como cando se reúna fóra do período lectivo, celebraranse calquera día administrativamente hábil, agás no mes de agosto.

## Artigo 10

A orde do día será elaborada polo decano, asistido polo secretario e mais o equipo decanal.

Na orde do día figurarán inescusablemente os puntos de aprobación da acta da sesión ou das sesións anteriores, e de rogos e preguntas, salvo que a sesión de Xunta de Facultade sexa extraordinaria.

Co fin de que poida preparar as respostas, as preguntas ao decano poderanse presentar por escrito ata 48 horas antes da celebración da Xunta de Facultade.

Agás nos casos xustificados, o decano terá a obriga de responder na seguinte Xunta de Facultade as preguntas que non sexan contestadas na mesma sesión.

Tamén deberán ser incluídos na orde do día os puntos que se soliciten por acordo da sesión anterior e os que, previamente, soliciten por escrito un 10% dos membros da Xunta de Facultade ou a maioría dos membros dun sector, cando o punto sexa da súa exclusiva incumbencia.

## Artigo 11

Para a válida constitución da Xunta de Facultade será necesaria en primeira convocatoria a maioría absoluta dos seus membros. En segunda convocatoria, que se celebrará media hora máis tarde, constituirase validamente cun 25% dos seus membros. De non conseguir o *quórum* sinalado na segunda convocatoria, haberá que proceder a unha nova convocatoria da Xunta de Facultade o máis axiña posible segundo o procedemento descrito no artigo 9. En todo caso, para que a constitución da Xunta sexa válida requirirase a presenza do presidente e o secretario, ou ben das persoas que os substitúan.

## Artigo 12

Corresponde ao decano, como presidente da Xunta de Facultade, a apertura da sesión.

O decano dirixirá e ordenará os debates. Fixará o tempo de debate para cada tema e, en función dos pedimentos de palabra determinará a duración de cada intervención. O decano prolongará o tempo de debate no caso de que a maioría simple dos membros presentes considere que o tema non queda suficientemente debatido.

Os membros da Xunta de Facultade teñen dereito ao uso da palabra en relación con calquera punto da orde do día. Ninguén poderá ser interrompido cando fala, senón para ser chamado á orde ou a cingirse ao tema polo decano. O decano poderá retirar o uso da palabra despois de dúas chamadas á orde.

Os membros da Xunta de Facultade poderán ser chamados á orde cando, con interrupcións, ou de calquera outra forma, alteren a orde das sesións, cando pretendan facer uso da palabra sen solicitalo previamente e obter permiso do decano, ou cando pretendan seguir facendo uso da palabra unha vez que lles foi retirada.

En calquera momento do debate, un membro da Xunta de Facultade poderá pedir ao decano a observancia de cuestións de orde do presente Regulamento, citando expresamente o artigo ou artigos para os que reclama a súa aplicación.

O decano concederá o dereito de resposta por alusións, de estimalo procedente, durante o período de tempo que fixe.

No suposto de excesiva duración da sesión da Xunta de Facultade, o decano disporá a interrupción desta, fixando a data e hora en que deberá continuar.

A proposta da Xunta de Facultade, poderán ser convidados ás súas reunións, con voz pero sen voto, todos aqueles membros da comunidade universitaria que estean interesados en asuntos específicos e que poidan resultar afectados polos mesmos.

En todo caso, as sesións da Xunta de Facultade estarán abertas aos membros da comunidade universitaria pertencentes á Facultade. Para este efecto, habilitaranse prazas perfectamente delimitadas e separadas, sempre que a capacidade do local o permita.

O decano poderá convocar ás sesións da Xunta de Facultade, con voz pero sen voto, a persoas que poidan estar directa ou indirectamente



relacionadas cos asuntos que se van tratar, cando a natureza destes así o requira.

### Artigo 13

As decisións que tome a Xunta de Facultade, en materias da súa competencia, adoptarán a forma de acordos, mocións ou propostas.

Só os acordos vinculan ao decano no exercicio das súas competencias.

Os acordos da Xunta de Facultade son susceptibles de recurso de alzada perante o Consello de Goberno, esgotando a vía administrativa, e serán posteriormente recorribles pola vía contencioso-administrativa. A interposición do recurso poderá suspender a execución do acto ou disposición impugnados cando, do contrario, poidan producirse danos de imposible ou difícil reparación, sempre que o interese público non se vexa prexudicado pola falta de execución inmediata.

### Artigo 14

Serán nulos os acordos adoptados sobre asuntos que non figuren incluídos na orde do día, sen prexuízo do previsto no artigo 26.3 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### Artigo 15

Os acordos adoptaranse pola maioría simple de votos a favor dunha proposta, salvo no disposto expresamente neste Regulamento.

As votacións poden ser por asentimento coa proposta formulada, públicas a man alzada, ou secretas cando o solicite algún dos membros presentes. En todo caso, as votacións serán secretas cando afecten a persoas concretas. Non se admitirá a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.

## Artigo 16

O secretario da Xunta de Facultade levantará acta de todas as súas sesións.

En cada acta figurarán inescusablemente:

- a) Os membros da Xunta de Facultade, nominalmente designados, que asistiron á sesión, subliñando as ausencias xustificadas.
- b) A orde do día.
- c) Os acordos e propostas, especificando se foron adoptados por unanimidade ou por maioría, facendo constar o número exacto dos votos emitidos, o seu sentido e as abstencións.

Na acta incluíranse os textos literais dos acordos e propostas e un resumo dos informes e debates, así como calquera mención relacionada cos puntos da orde do día que os membros da Xunta de Facultade, individual ou colectivamente, soliciten por escrito no transcurso da sesión que figure expresamente.

Cada acta será asinada polo secretario da Xunta de Facultade co visto e prace do presidente da sesión.

Co fin de que queden debidamente rexistradas as obxeccións a acta que procedan, o secretario remitirá por correo electrónico a todos os membros da Xunta de Facultade a acta da sesión nun prazo máximo de 15 días administrativamente hábiles tras a celebración desta, e nunca

máis tarde de 4 días administrativamente hábiles antes da celebración da sesión en que o documento vai ser aprobado.

## Artigo 17

As actas de cada sesión, unha vez aprobadas, quedarán baixo a custodia do secretario, que permitirá a súa consulta a calquera membro da Xunta de Facultade.

Darase fe dos acordos e propostas da Xunta de Facultade nas certificacións expedidas polo secretario desta.

As certificacións poderán expedirse:

De oficio por requirimento do Claustro, do Consello de Goberno, dos órganos das Administracións Públicas ou de órganos xudiciais no exercicio da súa competencia.

A instancia de calquera membro da Xunta de Facultade. Neste último caso o contido das certificacións versará sobre a parte decisoria dos acordos e propostas.

A notificación administrativa de calquera asunto que fose sometido á Xunta de Facultade comprenderá o acordo literal tomado por esta.

Nas certificacións de acordos adoptados, emitidos con anterioridade á aprobación da acta, farase constar expresamente esta circunstancia.

## **CAPÍTULO III. DAS COMISIÓNS DELEGADAS DA XUNTA DE FACULTADE**

## Artigo 18

Sen prexuízo das comisións específicas que a Xunta de Facultade poida establecer no uso das súas competencias e na forma que determine para asuntos concretos, créanse, como comisións estables, a Comisión Permanente e a Comisión de Docencia e Validacións **e a Comisión de Garantía de Calidade.**

## Artigo 19

As Comisións Permanente e de Docencia e Validacións estarán compostas por membros natos e membros electos. Os primeiros serán o decano (ou vicedecano en quen delegue) e o secretario, que o será da comisión. Os segundos serán elixidos separadamente en cada un dos sectores da Xunta de Facultade (PDI con vinculación permanente, PDI sen vinculación permanente, estudiantado e persoal de administración e servizos), entre os membros da Xunta de Facultade.

- a) As eleccións faranse anualmente por sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto dentro dunha sesión da Xunta de Facultade. Non se admitirá a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.
- b) Os membros dos diferentes sectores poderán dar o seu voto, como máximo, a un número de candidatos do seu sector equivalente ao 70%, ou enteiro máis próximo, do número dos que deben ser elixidos polo seu sector.
- c) Os candidatos ás comisións presentaranse xunto cun suplente ou suplentes. Ningún membro pode presentarse como candidato e suplente á mesma comisión.

## Artigo 20

Sen prexuízo das funcións específicas de cada unha das comisións que a Xunta de Facultade poida crear, entre as misións da Comisión Permanente incluíranse a preparación de informes ou elaboración de propostas que o decano ou a propia Xunta de Facultade lle soliciten, así como tomar decisións sobre aqueles asuntos de trámite que a Xunta de Facultade decida. Neste senso, a Xunta de Facultade poderá delegar na Comisión Permanente todas as funcións de carácter consultivo ou decisorio que considere oportuno e que redunden nunha mellor funcionalidade e eficacia na xestión.

## Artigo 21

A Comisión Permanente estará integrada por:

- a) O decano, que a convocará e presidirá, ou vicedecano en quen delegue.
- b) O secretario da Facultade, que o será tamén da comisión.
- c) 7 Profesores pertencentes aos corpos de PDI con vinculación permanente e 1 membro do PDI sen vinculación permanente procurando que estea representado o maior número de áreas de coñecemento.
- d) Tres membros do estudiantado, dos que 1 será de terceiro ciclo.
- e) Un membro do persoal de administración e servizos.

## Artigo 22

A Comisión de Docencia e Validacións conterá unha representación dos diferentes sectores similar á Comisión Permanente e as súas funcións serán:

- 1) Coordinación dos programas das materias dos diferentes departamentos.
- 2) Facer o seguimento do plano de estudos correspondente á titulación e facer propostas concretas sobre modificacións deste.
- 3) Elaboración dos criterios para resolver as validacións e darlles trámite.
- 4) Mediación e toma de decisións en conflitos relativos á docencia que lle fagan chegar os representantes de alumnado ou a instancias do propio presidente da comisión.

## Artigo 23

*A Comisión de Garantía de Calidade estará formada por:*  
*2 membros do Equipo Decanal sendo un deles o Secretario do mesmo.*  
*1 Representate do PDI de cada Titulación*  
*1 Representante do PAS*  
*1 Representante do alumnado de cada Titulación*  
*1 Representante dos Egresados.*  
*1 Representate da Sociedade (Empregadores/as e outros grupos de interese)*  
*1 Representante da Unidade Técnica de Calidade*

*Son competencias da Comisión:*  
*Garantir o seguimento dos planos de mellora que se desenvolven na facultade*  
*Coordinar e promover accións correctoras que estean destinadas a mellorar a calidade da docencia.*  
*Promover relacións cos axentes sociais e económicos que redunden na mellora da titulacións.*  
*Calquera outra función que, relacionada coa calidade, lle asigne a Xunta de Facultade ou calquera outro órgano de goberno de rango superior.*

## **CAPÍTULO IV. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO**

## Artigo 24

Os órganos unipersoais de goberno da facultade están desempeñados polas persoas integrantes do seu equipo de dirección. Forman parte do equipo de dirección:

- a) O decano.
- b) Os vicedecanos.
- c) O secretario.

## Artigo 25

O decano será elixido pola Xunta de Facultade e nomeado polo reitor, de entre o profesorado con vinculación permanente pertencente aos corpos docentes universitarios adscritos á facultade, por un período de tres anos e podendo presentarse a unha soa reelección consecutiva.

O decano propondrá ao reitor o nomeamento, de entre todos os membros do centro que estean acollidos ao réxime de dedicación a tempo completo (art. 50 dos Estatutos), os restantes membros do equipo directivo, que son os seguintes:

- a) Os vicedecanos.
- b) O secretario.

## Artigo 26

O decano representa ao centro, exerce a súa dirección, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

O decano da facultade, asistido polo seu equipo directivo, é o responsable da dirección e xestión do centro, e ten as seguintes funcións:

- a) Exercer a representación da facultade.
- b) Convocar a Xunta de Facultade.
- c) Executar os acordos da Xunta de Facultade.
- d) Supervisar o funcionamento dos servizos da facultade.
- e) Dirixir a xestión ordinaria da facultade.
- f) Propoñer, oída á Xunta de Facultade, a iniciación de expediente disciplinario a calquera dos membros da facultade. No caso dun profesor, a proposta dirixirase ao departamento correspondente.
- g) Velar polo cumprimento dos horarios docentes e de titorías.
- h) Todas aquelas que lle atribúan a lexislación vixente e os estatutos.

## Artigo 27

Son competencias e funcións dos vicedecanos as que lles asigne por delegación o decano, así como todas aquelas que lles atribúa o presente regulamento.

## Artigo 28



Son competencias do secretario:

- a) Redactar as actas, gardalas e dar fe das actuacións dos órganos de goberno da facultade.
- b) Custodiar os libros de actas.
- c) Expedir os documentos e certificacións das actas e dos acordos dos órganos da facultade.
- d) Coidar a publicidade dos acordos e resolucións dos órganos de goberno da facultade, de acordo co establecido nos Estatutos da Universidade de Vigo e neste regulamento.
- e) Organizar os actos solemnes da facultade e vixiar o cumprimento do protocolo.
- f) Recibir e custodiar as actas de cualificación dos exames.
- g) Calquera outra función que lle delegue o decano da facultade.

## Artigo 29

O decano será elixido polo pleno da Xunta de Facultade, reunida en sesión extraordinaria, mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e secreto. No caso de ser candidato único ten que acadar maior número de votos a favor que en contra.

Esta elección rexerese polo establecido na lexislación vixente que lle sexa de aplicación, polos Estatutos da Universidade de Vigo e polo correspondente regulamento, aprobado polo Consello de Goberno da Universidade.

## Artigo 30

O decano poderá cesar por finalización do seu mandato, por pedimento propio, perda das condicións necesarias para ser elixido ou por moción de censura nos termos establecidos nos estatutos e nos regulamentos que os desenvolvan.

### Artigo 31

A Xunta de Facultade pode esixirlle responsabilidade ao decano mediante a presentación dunha moción de censura.

A moción de censura deberá ser presentada no rexistro da facultade coas sinaturas de polo menos un 25% dos membros da Xunta de Facultade e conterá as razóns que a fundamentan, así como o nome do candidato alternativo.

Se a moción de censura reunise os requisitos anteriores, o decano estará obrigado a convocar unha Xunta de Facultade extraordinaria con este único punto da orde do día, dentro dos seguintes quince días hábiles á recepción do escrito de moción no rexistro da facultade.

Aberta a sesión, o candidato alternativo disporá dun tempo de corenta e cinco minutos para expoñer os argumentos nos que fundamenta a súa moción. O decano disporá a continuación de igual tempo para o uso da palabra. A continuación abrirase unha quenda de intervencións, distribuíndose o tempo en función do número de peticións de palabra solicitadas. En todo caso, o candidato alternativo e o decano disporán cada un deles dun tempo de quince minutos para rematar o debate.

Concluído o debate procederase a votar a moción de censura, segundo o procedemento establecido no Regulamento para a elección de decanos e directores de centros.

A aprobación da moción de censura requirirá o voto afirmativo da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade.

Se a moción de censura fose aprobada, o secretario da facultade remitirá a acta correspondente ao reitor, para que se proceda ao nomeamento do novo decano.

Se a moción de censura non obtivese os votos necesarios, considerarase rexeitada, e cada un dos asinantes da mesma non poderá subscribir outra moción de censura no prazo dun ano.

#### Artigo 32

Os vicedecanos e o secretario cesarán por pedimento propio, por decisión do decano, por finalización do mandato do decano ou por perda das condicións necesarias para ser nomeados.

### **CAPÍTULO V. DAS XUNTAS DE TITULACIÓNS**

#### Artigo 33

As Xuntas de Titulacións, previstas no artigo 44 dos Estatutos da Universidade de Vigo, crearanse no momento que se lle asigne algunha nova titulación a este centro.

### **CAPÍTULO VI. DA APROBACIÓN E REFORMA DESTE REGULAMENTO**

#### Artigo 34

O presente regulamento considerárase aprobado se acada a maioría absoluta de votos afirmativos dos membros da Xunta de Facultade.

A súa entrada en vigor terá lugar no momento da aprobación do mesmo polo Consello de Goberno da Universidade.

### Artigo 35

A iniciativa para reformar o presente regulamento corresponde ao decano ou a un 20% dos membros da Xunta de Facultade.

As propostas de reforma dirixidas ao decano presidente da Xunta de Facultade deberán acompañarse dun texto articulado e da argumentación na que se fundamentan.

O debate para a reforma do regulamento terá lugar nunha sesión extraordinaria da Xunta de Facultade.

Previamente ao debate para reformar o regulamento someterase a consideración da Xunta de Facultade a conveniencia de proceder a súa reforma, e no caso de considerarse adecuado, abrirase un prazo de presentación de emendas e suxestións ao texto presentado.

A reforma do regulamento requirirá a maioría absoluta de votos afirmativos dos membros da Xunta de Facultade.